

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO – ABRIL 2020**

MOTIVO MODIFICACIÓN	Alerta sanitaria motivada pola COVID -19 que motivou o decreto do estado de alarma.				
CURSO	2019 - 2020	DEPARTAMENTO	LATÍN	DATA MODIFICACIÓN	05-05-20
NIVEL	EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	X	ESO e BACHARELATO	X	
<i>ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>					
<i>A presente modificación da programación didáctica atende ao disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>					

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

CURSO	INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
4º ESO	INSTRUMENTOS Exercicios escritos de diferente índole na parte de gramática. Na parte cultural exercicios escritos e orais.
	PROCEDEMENTOS Cuestionarios Análise de documentos escritos
	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN XERAL: $((N1+N2)/2)+2^*E$. Media aritmética da 1ª e 2ª avaliación máis a valoración da 3ª avaliación. O valor de E poderá ser de entre 0 e 1.
	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN: o valor de E na 3ª avaliación estará comprendido entre 0 e 1 atendendo ao seguinte desglose: Estándares vinculados as competencias de aprender a aprender, sentido e iniciativa emprendedora: 40%. Estándares vinculados ás competencias lingüísticas: 50%. Estándares vinculados ás competencias culturais: 10%.
	RECUPERACIÓN DA MATERIA (proba extraordinaria de setembro)
	Tras a 1ª e 2ª avaliación, todos os alumnos están aprobados.
	ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE
	Criterios de avaliación
	Non hai alumnado coa materia de Latín 4 suspensa.
Criterios de cualificación	
Non hai alumnado coa materia de Latín 4 suspensa.	



Procedementos e instrumentos de avaliación	
	Non hai alumnado coa materia de Latín 4 suspensa.

CURSO	INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
1º BACH	<p>INSTRUMENTOS Traballo monográfico escrito Traballos sobre textos en latín</p> <p>PROCEDEMENTOS Cuestionarios Análise de documentos escritos</p>
	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
	<p>CRITERIO DE CUALIFICACIÓN XERAL: $((N1+N2)/2)+2 * E$. Media aritmética da 1ª e 2ª avaliación máis a valoración da 3ª avaliación. O valor de E poderá ser de entre 0 e 1.</p> <p>CRITERIO DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN: o valor de E na 3ª avaliación estará comprendido entre 0 e 1 atendendo ao seguinte desglose: Estándares vinculados as competencias de aprender a aprender, sentido e iniciativa emprendedora: 40%. Estándares vinculados ás competencias lingüísticas: 50%. Estándares vinculados ás competencias culturais: 10%.</p>
	RECUPERACIÓN DA MATERIA (proba extraordinaria de setembro)
	Ningún dos alumnos ten que recuperar a materia na proba extraordinaria de setembro.
	ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE
	Criterios de avaliación
	Non hai alumnado con Latín I pendente
	Criterios de cualificación
	Non hai alumnado con Latín I pendente
Procedementos e instrumentos de avaliación	
Non hai alumnado con Latín I pendente	

CURSO	INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
2º BACH	<p>INSTRUMENTOS Traballo monográfico escrito Traballos sobre textos en latín</p>
	<p>PROCEDEMENTOS Cuestionarios</p>



Análise de documentos escritos
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<p>CRITERIO DE CUALIFICACIÓN XERAL: $((N1+N2)/2)+2 \cdot E$. Media aritmética da 1ª e 2ª avaliación máis a valoración da 3ª avaliación. O valor de E poderá ser de entre 0 e 1.</p> <p>CRITERIO DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN: o valor de E na 3ª avaliación estará comprendido entre 0 e 1 atendendo ao seguinte desglose:</p> <p>Estándares vinculados as competencias de aprender a aprender, sentido e iniciativa emprendedora: 30%.</p> <p>Estándares vinculados ás competencias lingüísticas: 50%.</p> <p>Estándares vinculados ás competencias literarias textuais e culturais: 20%.</p>
RECUPERACIÓN DA MATERIA (proba extraordinaria de setembro)
Ningún dos alumnos ten que recuperar a materia de Latín II na convocatoria de setembro.
ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE
Criterios de avaliación
O alumnado pode aprobar a materia pendente facendo dous exames parciais, en caso de que non acade o aprobado poderá presentarse a un exame único final.
Criterios de cualificación
A nota será a media aritmética dos dous exames parciais ou a nota do exame único.
Procedementos e instrumentos de avaliación
<p>PROCEDEMENTOS Análise de documentos</p> <p>INSTRUMENTOS Examen escrito Observación directa (hasta el 13 de marzo)</p>

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS AVALIABLES NO CURSO 2019 - 2020.

CURSO	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS 1ª/2ª AVALIACIÓN
4º ESO	Os incluídos no Boque 1: O latín, orixe das linguas románicas.	LAB1 1.1; 1.2; 1.3; 1.4; 1.5
	Os incluídos no Bloque 2: Sistema da lingua latina. Elementos básicos.	LAB2 2.1; 2.2; 3.1
	Os incluídos no Bloque 3: Morfoloxía.	LAB3 1.1; 2.1; 3.1; 4.1; 4.2; 5.1; 5.2 (parcialmente); 6.1; 6.2
	Os incluídos no Bloque 4: Sintaxe	LAB4 1.1; 2.1; 2.2; 3.1; 4.1



	Os incluídos no Bloque 5: Roma, historia, cultura e civilización.	LAB5 1.1; 2.1; 2.2; 3.1; 4.1
	Os incluídos no Bloque 6: Textos.	LAB6 1.1; 2.1; 3.1; 4.1
	Os incluídos no Bloque 7: Léxico.	LAB7 1.1; 1.2; 3.1

CURSO	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS 1ª/2ª AVALIACIÓN
1º BACH	Os incluídos no Boque 1: O latín, orixe das linguas románicas.	LA1B1 1.1; .2.1; 3.1; 4.1; 5.1; 5.2; 5.3; 6.1.
	Os incluídos no Bloque 2: Sistema da lingua latina. Elementos básicos.	LA1B2 1.1; 2.1; 3.1; 4.1.
	Os incluídos no Bloque 3: Morfoloxía.	LAB1B3 1.1; 2,1; 3.1; 4.1; 4.2; 5.1; 5.3; 6.1; 6.2; 8.1.
	Os incluídos no Bloque 4: Sintaxe.	LAB1B4 1.1; 2.1; 3.1; 4,1; 5.1 (parcialmente).
	Os incluídos no Bloque 5: Roma, historia, cultura e civilización.	LAB1B5 1.1; 1.2; 1.3; 1.4; 1.5; 2.1; 2.2; 4.1. (parcialmente); 5.1; 5.2; 6.1.
	Os incluídos no Bloque 6: Textos.	LA1B6 1.1; 2.1; 4.1; 4.2; 5.1.
	Os incluídos no Bloque 7: Léxico.	LA1B7 1.1; 1.2; 2.1; 3.1; 4.1; 4.2; 5.1.

CURSO	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS 1ª/2ª AVALIACIÓN
2º BACH	Os incluídos no Boque 1: O latín, a orixe das linguas románicas.	LA2B1 1.1; 2.1; 2.2.
	Os incluídos no Boque 2: Morfoloxía.	LA2B2 1.1; 2.1; 3.1; 4.1; 4.2; 5.1;5.2.
	Os incluídos no Boque 3: Sintaxe.	LA2B3 1.1; 2.1; 3.1; 4.1; 5.1.
	Os incluídos no Boque 4: Literatura latina.	LA2B4 1.1; 2.1; 3.1; 3.2 (parcialmente); 4.1; 5.1; 5.2.
	Os incluídos no Bloque 5: Textos.	LA2B5 1.1; 2.1; 3.1; 4.1; 5.1.
	Os incluídos no Bloque 6: Léxico.	LA2B6 1.1; 2.1; 2.2; 3.1; 4.1.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (REPASO, REFORZO, RECUPERACION E, NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades	Textos breves e frases para traducir e analizar morfosintácticamente e reforzar os estándares vinculados aos contidos lingüísticos. Cuestionarios para traballar a mitoloxía e a historia do imperio romano. Material audiovisual para recoñecer a pervivencia da mitoloxía na cultura occidental.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado de 1º e 2º de bacharelato mantivo durante o terceiro trimestre a situación de conectividade. En 4º ESO tres alumnos non se conectaron aínda que foron avisados. Non tiñan interese ao ter as dúas primeiras avaliacións aprobadas. Aprendizaxe en liña
Materiais e recursos	Aula Virtual do centro Gmail Google Drive Google Classroom Cixco Webex



4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS PARA CONTINUAR O PROCESO EDUCATIVO DO CURSO 2020 - 2021.

CURSO	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS
4º ESO	Os incluídos no Bloque 3: Morfoloxía	LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
	Os incluídos no Bloque 4: Sintaxe.	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen encada caso as súascaracterísticas. LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.
	Os incluídos no Bloque 5: Roma, historia, cultura e civilización.	LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.

CURSO	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS
1º BACH	Os incluídos no Bloque 3: Morfoloxía.	LA1B3 7.1: Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.



	Os incluídos no Bloque 4: Sintaxe.	<p>LA1B4 6.1: identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.</p> <p>LA1B4 7.1: Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.</p>
	Os incluídos no Bloque 5: Roma, historia, cultura e civilización.	<p>LA1B5 3.1: identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.</p> <p>LA1B5 4.2: describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.</p> <p>LA1B5 6.2: Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.</p> <p>LA1B5 7.1: Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.</p> <p>LA1B5 8.1: Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.</p> <p>LA1B5 9.1: Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</p> <p>LA1B5 9.2: Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.</p> <p>LA1B5 10.1: Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos</p>
	Os incluídos no Bloque 6: Textos.	<p>LA1B6 3.1: Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.</p> <p>LA1B6 6.1: Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.</p>



CURSO	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS
2º BACH	Os incluídos no Bloque 4: Literatura latina.	LA2B4 3.2: Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

5. INFORMACION E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

As modificacións estarán colgadas na Aula Virtual do Centro no Departamento de Latín. Os alumnos serán informados a través de medios telemáticos.

PUBLICIDADE

Estas modificacións á programación do Departamento de Latín están publicadas na páxina web do centro, no menú reservado ao noso Departamento.

O/A Xefe/a de Departamento

Helena García González